



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.com

Outubro 2011

D.L. C-325-85 Edita CIG-Ensino. R. Miguel Ferro Caaveiro, 10, Santiago. 15703. Tiraxe 18.000

MOBILÍZATE

En defensa do ensino público galego

Pancartas nos centros · Convocatorias ás ANPAs
Concentracións (día 11 nos centros e 18 nas
comarcas) · Referendo o 25 de outubro...



Éxito das mobilizacións do profesorado

A CIG-Enseño valora positivamente o seguimento das distintas mobilizacións realizadas desde que no mes de xuño a Consellaría acometese unha agresión sen precedentes contra o profesorado galego: os paros de brazos caídos, o peche das organizacións sindicais reclamando a negociación, as dúas xornadas de folga e as catro manifestacións. Así mesmo, foron moitas as accións levadas a cabo nos centros escolares con multitude de resolucións e comunicados para amosar o rexeitamento ás medidas da Consellaría o que é a demostración palpábel de que o profesorado non acepta as imposicións e os recortes da Consellaría de Educación.

Os paros e as folgas tiveron incidencia en todos os centros de ensino público en Galiza e foron secundados maioritariamente polo profesorado con porcentaxes moi importantes. Por este motivo, quere-mos expresar o noso recoñecemento ao profesorado participante polo seu compromiso que comporta tamén a redución salarial de dúas xornadas de folga.

Cómpre dicir que toda mobilización dá o seu froito, aínda que sexa de forma indirecta, e así as accións iniciadas o 21

de xuño e que se prolongaron durante o mes de setembro impediron que a aplicación da orde e os recortes previstos pola Consellaría acadasen as proporcións que a Consellaría tiña previsto. A día de hoxe, non se xeneralizou o incremento horario en Secundaria, nin se produciron todas as supresións previstas en Primaria. Cómpre, por tanto, manter as mobilizacións en contra dos recortes no ensino público para frear unha Administración que ten por obxectivo fundamental favorecer o privado (ao cal se desvían máis de 250 millóns de euros e se lle veñen de concertar 9 unidades máis) en detrimento do público.

A Consellaría é consciente da incidencia das mobilizacións e da oposición do profesorado, de aí o súa insistencia en negar as evidencias e utilizar os medios de comunicación para confundir a sociedade. O seu desprezo ao profesorado é de tales dimensións que se atreven a declarar nos medios que non se sentarán negociar. Pois ben, a CIG-Enseño xa lle trasladou publicamente a esta Consellaría que está disposta a continuar con novas mobilizacións en contra das agresións ao ensino público.



Novas accións para o mes de outubro

A CIG Ensino valora que cómpre continuar coas mobilizacións, e así tamén o manifestou o profesorado na campaña de asembleas realizadas pola CIG-Ensino desde o inicio do curso. Por este motivo, a CIG-Ensino convocou as outras organización sindicais para o mércores seguinte á xornada de folga, mais dada a imposibilidade dalgunhas organizacións para reunirse antes reunímonos o venres día 30.

A esa reunión, a CIG-Ensino levou o calendario de mobilizacións que se recolle a continuación. Ningunha das outras organizacións fixo propostas, salvo a de ir a Madrid, o día 22 de outubro.

Propostas presentadas pola CIG-Ensino de cara a continuar a loita contra os recortes no ensino público

- Elaboración dun modelo de escrito para que os centros envíen ás familias.
- Chamamento aos centros para que fagan escritos aos medios, explicitando as súas necesidades e recortes.
- Solicitarlles aos centros que fagan explícito o conflito con pancartas con, entre outros, o seguinte lema: En defensa do ensino público.
- Convocar as ANPAS para explicarlles o conflito, recadar o seu apoio e, mesmo, traballar na creación de plataformas comarcais en defensa do ensino público.
- Concentracións nos centros no horario de recreo ou no horario que cada centro considere mellor, o día 11 de outubro. Nestas concentracións, faranse visíbeis as pancartas.
- Concentracións comarcais o día 18 de outubro ás 20 horas, para facilitar que toda a comunidade educativa poida asistir.
- Referendo en urna nos centros o día 25 de outubro, co obxecto de visibilizar o rexeitamento de todo o profesorado ás imposicións da Consellaría e aos recortes do ensino público, á ampliación do horario lectivo e á imposición de funcións que non lle son

Mobilízate
En defensa do ensino público galego

- Poñer pancartas nos centros con lemas en defensa do ensino público en Galiza
- Convocar ás ANPAS para explicar o conflito e promover plataformas conxuntas de defensa deste servizo
- Concentracións nos centros o día 11 de outubro
- Concentracións comarcais o día 18 de outubro ás 20:00 horas
- Referendo o 25 de outubro para facer visíbel a opinión do profesorado contra dos recortes, da ampliación do horario lectivo e da imposición de funcións que non lle son propias

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

- propias.
- Rolda de prensa conxunta o día 3 ou o día 4 para expor estas mobilizacións.
- Tamén anunciamos para un futuro medidas como peches nos centros ou aulas nas rúas.

De todas estas propostas, elaboradas recollendo as iniciativas que nos fixera chegar o profesorado, as demais organizacións sindicais só estiveron dispostas a apoiar as seguintes:

- Solicitarlles aos centros que fagan explícito o conflito con pancartas con,

entre outros, o seguinte lema: En defensa do ensino público.

- Convocar as ANPAS para explicar o conflito, recadar o seu apoio e mesmo traballar na creación de plataformas en defensa do ensino público.
- Concentracións nos centros no horario de recreo ou no que cada centro considere mellor, o día 11 de outubro. Evidentemente con pancartas.
- Concentracións comarcais o día 18 de outubro ás 20 horas, para facilitar que toda a comunidade educativa poida asistir.

É preciso coñecer que as organizacións de ámbito estatal (CCOO, UGT, ANPE, STEG e CSI-F) acordaron levar a cabo, cunha visión totalmente centralista, diferentes mobilizacións a nivel estatal, entre elas unha concentración en Madrid o día 22, sen nin sequera nos ter convocado para coñecer a nosa opinión, aínda que a CIG-Ensino é tamén sindicato representativo a nivel de Estado. Porén, unha vez que tomaron a decisión sen contar con nós, pídenos que nos sumemos a ela.

Para a CIG-Ensino, só desde unha visión ultracentralista, contraria mesmamente ao estado das autonomías, se pode entender que se chame ao profesorado galego a concentrarse en Madrid, cando a solución aos problemas polos que nos estamos mobilizado correspóndelle en exclusiva á Consellaría de Educación. Porque foi a Consellaría de Educación da Xunta quen rompeu unila-

teralmente o acordo que tiñamos asinado en Galiza, e ela foi quen ampliou o noso horario lectivo, quen nos obriga a coidar ao alumnado que é transportado (función só a fai o profesorado galego) e a que está realizando os recortes na educación en Galiza e é a política da Consellaría a que leva a que haxa máis de 1000 profesores e profesoras menos en Galiza.

A redución ou non do gasto en educación en Galiza depende dos orzamentos da Xunta. Aínda que a tendencia xeneralizada, máis non uniforme, no Estado e na UE é de recortar os servizos públicos, como consecuencia de aplicacións de medidas neoliberais para combater a crise, non é menos certo que non se aplican por igual nos diferentes gobernos das CCAA.

Lamentamos que as sucursais de organizacións que teñen o seu centro de decisión e organización en Madrid se

vistan de galegas cando lles convén, aínda que na realidade a súa estratexia española nega a evidencia, **o conflito en Galiza é contra a política educativa da Consellaría de Educación**. Por iso o primeiro en alegrarse en que se desvíe o escenario e o conflito será o propio Goberno do Partido Popular de Galiza e en particular o Conselleiro de Educación que **refregará as mans**.

Por certo que estas organizacións xa romperon os acordos unitarios que nos levaron ás folgas e mobilizacións en Galiza, espallando nos centros un manifesto estatal á marxe do conflito que temos aquí e contrario ao manifesto acordado e espallado anteriormente pola plataforma formada en Galiza por todas as organizacións.

Desde a CIG-Ensino, facemos un chamamento a todo o profesorado a participar nas mobilizacións propostas e mais no referendo.

Referendo o día 25 de outubro

A CIG-Ensino, considerando que todas as medidas propostas por nós responden ás demandas recollidas entre o profesorado nas distintas asembleas, realizadas ao longo do mes de setembro. Seguiremos adiante coas catro medidas acordadas coas outras organizacións sindicais e tamén coa proposta de referendo para o día 25 de outubro, co obxecto de que o profesorado amose a súa opinión sobre os recortes no ensino público, a ampliación do seu horario e a obriga de realizar funcións que non lle son propias. Con este referendo demostrarase que o Conselleiro de Educación continúa instalado na mentira, reducindo os datos reais do profesorado que foi á folga e afirmando que o que non secundou a folga está de acordo cos seus recortes.

A CIG-Ensino constata que numerosos centros están combatendo a política da Consellaría de Educación, contraria ao ensino público e de empeoramento das condicións de traballo do profesorado que comporta un deterioro da calidade do ensino público, o que reforza a necesidade de continuar coas mobilizacións.



Intoxicación informativa

A manipulación informativa acadou neste tempo as súas máis elevadas cotas. A Consellaría de Educación, ausente e ineficaz na resolución dos problemas dos centros educativos, é especialmente áxil para empregar os medios de comunicación co obxecto de confundir a sociedade, e mesmo o portal web da Consellaría, convertido desde a chegada deste equipo nun escaparate de propaganda a maior gloria do Conselleiro e os seus subordinados.


Un dos episodios máis vergoñentos foi o da recollida da información sobre a folga do día 21 na TVG, un medio público. Ante o despropósito da información emitida, por proposta da CIG-Ensin, as organizacións sindicais emitimos un comunicado en que reclamabamos a dimisión do Conselleiro e do Director Xeral da TVG pola manipulación realizada.

Para a CIG-Ensin, é inaceptábel que os medios de comunicación se presten a ser utilizados para mentirlle á sociedade e por iso consideramos que esa sociedade á que se dirixen os medios

de comunicación, da que os docentes formamos parte, debe facerlle saber a estes medios que non imos aceptar que se nos manipule con mentiras e que se nos oculte a realidade.

Como é posíbel que ningún medio reparase na falsidade dos datos dados pola Consellaría na folga do 27 de setembro? Como se puido facer unha manifestación maior cá do 21 de setembro en Compostela se os datos fosen o 16% que deu a Consellaría, ou sexa soamente 4800 docentes? Evidentemente todas e todos sabemos que son falsos, mesmo os medios de comunicación. Unha falsidade que quedará desmontada en canto se coñezan os datos dos descontos practicados ao profesorado.

Neste contexto, desde a CIG-Ensin propoñémosvos que, ademais de empregar como fonte de información a nosa páxina web: www.cig-ensino.com, difundades entre as vosas compañeiras e compañeiros as novas nela publicadas, así como colocala de páxina de acceso inicial nos programas de acceso a inter-



net, para que a información puntual que desde a CIG-Ensin emitimos, e moitas veces calan os medio de comunicación, chegue ao profesorado.

21 de setembro



Web da Consellaría



Manifestación polas rúas de Santiago



Concentración diante da Xunta

27 de setembro



Web da Consellaría



Manifestación polas rúas de Santiago



Concentración diante da Xunta

O horario invisíbel do profesorado

Ao longo destes meses e grazas á intoxicación informativa practicada pola Consellaría de Educación e consentida polos medios de comunicación, deuse unha imaxe rotundamente falsa do profesorado. Pretendeuse dar a entender que a nosa xornada de traballo son soamente esas 20 ou 25 horas lectivas, ocultando a mantenta todo o traballo que nos centros temos que realizar e todo o traballo que voluntariamente eliximos facer.

A nosa xornada é de 37,5 horas, mais todas e todos sabemos que moitas veces superamos esa cifra para dar aos nosos alumnos e alumnas o ensino que sabemos que merecen. Un ensino que ten unhas cotas de calidade que nos resignamos a perder.

Mais a Consellaría empéñase en deixar ver só unha parte desa xornada, a de docencia directa, sen valorar como corresponde o resto dos traballos a reali-

zar. Do noso horario invisíbel forman parte tarefas que necesariamente temos que realizar para poder impartir docencia directa como o estudo, a preparación de aulas, a corrección, a formación... mais tamén tarefas que emanan da normativa legal que regula as nosas funcións, tarefas que até este mes de xuño se contemplaban no noso horario e, finalmente, tarefas que realizamos voluntariamente porque entendemos que con elas melloramos a calidade do ensino dos nosos alumnos e alumnas, como son as actividades extraescolares e complementarias.

Pois ben, para rachar esa invisibilidade e facer patente cal é realmente o traballo dos docentes, tentaremos escolmar aquí unha mostra de todas esas tarefas, sen posibilidade de dar conta exacta de todas as que son.

Docencia directa

- Impartir clases a 180 alumnos e alumnas distintos/as.
- Traballar en aulas masificadas e con alumnado diverso, con necesidades educativas especiais, distintos ritmos de aprendizaxe, etc.
- Impartir afíns
- Preparar as clases
- Elaborar material
- Corrixir exames e probas
- Tutoría alumnos/as.
- Tutoría de pais e nais.
- Gardas
- Elaboración da programación didáctica do curso.
- Preparación de prácticas de laboratorio, taller e semellantes.

Outras actividades que hai que realizar no centro

- Funcións administrativas e burocráticas.
- Exercer cargos directivos, xefaturas de departamentos, etc.
- Vixiar o alumnado nos comedores escolares





Responsabilizarse da biblioteca.

- Inventariar o material do departamento
- Traballar en proxectos institucionais
- Titoría de profesores en prácticas.
- Titoría de mestrado.
- Facer o seguimento das prácticas en empresas
- Participar nas avaliacións de diagnóstico
- Formar parte dos tribunais de oposición.
- Formarse fóra do horario lectivo, asistir e impartir cursos.

• **Asistir a:**

- Reunións do claustro
- Reunións das sesións de avaliación
- Reunións de Comisións Pedagóxicas
- Reunións do Consello Escolar
- Reunións de Departamentos
- Reunións de coordinación de ciclos
- Xuntas de avaliación.

• **Coordinar:**

- A formación.
- Os ciclos.
- Os Equipos de Normalización Lingüística
- As Seccións bilingües
- O programa plurilingüe
- O proxecto Abalar

• **Dinamizar:**

- Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación.
- Biblioteca, convivencia escolar.
- Mellora da calidade educativa.
- Programas Internacionais.
- Clubs de lectura.
- Xornais e revistas escolares
- Teatro escolar
- web do centro

• **Preparar e participar en:**

- Actividades Coordinación Pedagóxica.
- Actividades complementarias.
- Actividades extraescolares
- Os Equipos de Normalización Lin-

güística

- As Seccións bilingües
- O programa plurilingüe
- O proxecto Abalar

• **Elaborar e participar en proxectos e programas:**

- Proxecto lingüístico.
- Programa de formación en centros.
- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
- Programa Xeral anual.
- Proxecto educativo do centro.
- Proxectos curriculares de etapa.
- Plan de autoprotección.
- Proxecto de xestión.
- Regulamento interno do centro.
- Programa Contrato-programa.
- Proxecto Abalar.
- Centros plurilingües.
- Memoria anual de centro.
- Memoria dos departamentos dos centros. Programación.

• **Realizar, organizar e dispensar:**

- As adaptacións curriculares.
- Programas de reforzo, orientación e apoio.
- Mellora de lectura-escritura-cálculo.
- Plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación.
- Avaliación de Diagnóstico
- Apoio á educación infantil.
- Atención á diversidade.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.



• **Organizar e realizar voluntariamente, actividades extraescolares e complementarias:**

- Actividades de normalización lingüística como o Correlingua
- Actividades semanais de teatro, xadrez, biblioteca, deporte...
- Campionatos deportivos
- Conmemoración do día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Conmemoración do día da paz
- Conmemoración do día de Europa.
- Conmemoración do día de Rosalía de Castro.
- Conmemoración do día do Libro.
- Conmemoración do día Internacional da Muller Traballadora.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Conmemoración do día Mundial da Saúde.
- Conmemoración do día Mundial do Ambiente.
- Conmemoración do día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Conmemoración do Entroido
- Grupos de música escolares
- Intercambios con centros escolares de distintos territorios
- Intercambios co estranxeiro
- Intercambios con centros escolares galegos
- Participación en concursos escolares de medio ambiente, matemáticas, papiroflexia, literarios, de lectura... etc,

- Proxectos multidisciplinares sobre o contorno sociocultural do centro
- Radio escolar
- Revista escolar
- Saídas a concertos didácticos
- Saídas a funcións teatrais específicas para escolares
- Saídas relacionadas co coñecemento do medio natural
- Semana da ciencia
- Semana da Prensa.
- Semana das Letras Galegas.
- Visitas a centros de investigación
- Visitas a fábricas
- Visitas a lugares en que poden concretizar o estudado na aula
- Visitas a museos
- Xornadas de cine

As profesoras e os profesores viñemos desenvolvendo estas tarefas

sen importarnos as horas que nelas tiñamos que inverter. A nosa vontade é manter ese nivel de entrega porque sabemos que o ensino público é un ensino de calidade, a mellor oferta educativa para as mozas e os mozos que formarán a sociedade do futuro. Negámonos, pois, a que os prexuízos ideolóxicos desta Consellaría boten por terra o traballo realizado durante anos e anos ou pretendan restarnos dedicación para manter os niveis de calidade que consideramos necesarios

Por iso, seguimos combativos para recuperar o noso horario lectivo, para rexeitar a imposición da custodia do alumnado transportado e para impedir os recortes; en definitiva, para defender o ensino público galego.



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com